

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 27 de abril de 2015

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Torres Pérez, Francisco José

Excusan asistencia:

Rodríguez Rodríguez, Emma; Araújo Figueroa, Isaac Borja

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.Excusan asistencia:

1º.- Infórmase sobre a necesidade de promocionar e controlar o antes posible as cuestións de calidade tanto no Máster en Avogacía e no Grao en RRLL e RRHH, dado que son os dous títulos que van a ser acreditados no vindeiro curso académico.

2º.- Execución dunha recomendación da Comisión feita na anterior reunión, para a promoción da participación nas enquisas de satisfacción. A Decana insta a tódolos coordinadores dos mestrados e dos graos a que lembren de novo ao alumnado e ao profesorado sobre esta cuestión.

Compromiso: Promoción da participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais.

Prazo: enviar recordatorios a partires de mediados de maio.

3º.- A Decana informa sobre a recepción do Informe favorable de acreditación do Máster de Menores.

3.- Manual de Garantía de Calidade

3.1.- A Decana, respecto a proposta remitida, propón a modificación do punto 5.2.6, no que se disciplinan as persoas membros da comisión de calidade.

- A Decana propón que pasen a forman parte da Comisión de Calidade: unha persoa representante do estudantado de grao; e unha persoa representante do alumnado de 2º ciclo ou de 3º ciclo.
- En todo caso, tamén se engadiría que as persoas representantes do alumnado dos graos, de 2º e 3º Ciclo e do PAS deberán formar parte da Xunta de Facultade e serán propostos á Comisión de Calidade polo propio estamento ao que pertencen.
- Todos os membros non natos serán nomeados pola xunta de facultade a proposta da Comisión de Calidade.
- Tamén propónse que existan dous representantes de profesorado, un por cada unha das titulacións de grao -Dereito e RRL e RRHH-, unha desas persoas actuará como enlace coa Unidade de Igualdade.

3.2.- En relación co Anexo 6 “Actuacións básicas en materia de calidade”, a Decana informa, que sería axeitado diferenciar por meses aquelas cuestións fundamentais que ao longo do curso académico hai que facer no centro.

Neste punto, indica que debería plasmarse, por exemplo, a planificación de desenvolvemento do ensino. Por exemplo, en tal cronograma, debería figurar que as guías docentes se aproban no mes de xuño; e os cronogramas do primeiro cuadrimestre aprobados por Comisión na primeira semana de setembro; e os do segundo cuadrimestre na segunda semana de xaneiro. Asimesmo debería figurar a aprobación da PDA, posiblemente en marzo.

Nesta liña tamén se puntualizar a necesidade de analizar os resultados de cada titulación antes de ser utilizados no informe de seguimento.

Para introducir estas modificacións no Anexo VI, a Decana solicita unha habilitación á Presidenta da Comisión de Calidade e ao Coordinador de Calidade para proceder a tales modificacións técnicas.

Apróbase por asentimento o Manual e a habilitación para modificar o Anexo 6

4.- Aprobación, se procede, das alegacións e do Plan de Acción de Mellora.

A Decana procede a ler as alegacións –tal e como figuraban na documentación que se proporcionou as persoas integrantes desta Comisión- que fai o Centro ao Informe da ACSUG sobre a certificación do SGIC.

Reformúlanse algunhas cuestións gramaticais, e a petición da Decana e coa redacción do coordinador do grao en RRLL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, o parágrafo 4 das alegacións no que atinxe á petición dos presupostos.

Exponse o Plan de melloras consonte ao documento adxunto.

Apróbanse as alegacións coas modificacións indicadas e o Plan de accións de mellora a informe de certificación do SGIC.

5.- Reflexión debate e recomendacións relativas a necesidades materiais do Centro.

Abórdanse neste punto cuestións relacionadas co procedemento PA07 que é duns controvertidos consonte co informe da auditoría.

Neste punto, o profesor Jaime Aneiros Pereira, en calidade de Vicedecano responsable de infraestructuras, expón unha serie de actuacións que están xa presupuestadas e en marcha na Facultade, a saber: colocación de cortinas black out, realización da sinaléctica do centro, colocación de estores nos despachos orientados ao sol –por fases-, arranxo dos motores de toldos exteriores, etc.

Compromiso: Avanzar nestas diferentes actuacións en materia de infraestructuras.

Prazos: maio-xuño de 2015 (sinaléctica, motores, cortinas black out); curso 2015/2016 (estores)

6.- Informe cuatrimestral dos coordinadores dos graos do Centro.

Neste punto, o secretario da Comisión, Francisco Torres, abandona a sesión debido a obrigas docentes. Pasa a actuar como secretario, Jaime Aneiros Pereira.

6.1.- Preséntase o informe de coordinación cuatrimestral dos Graos en Dereito e en Relación Laborais e Recursos Humanos e se debaten as cuestións relativas á puntualidade na entrega dos cronogramas. Así, sinalase que:

- A Comisión decide reiterar a súa recomendación sobre a importancia da presentación dos cronogramas en tempo e forma para que poda realizar as tarefas de coordinación, por parte dos coordinadores/as, e para que se poidan someter á Comisión de Calidade. Igualmente, se acorda someter á Comisión a aprobación dun modelo de cronograma.

- Tamén se toman conta as suxerencias realizadas polo alumnado sobre as guías docentes das distintas materias. Na medida en que, para a aplicación das mesmas, debe agardarse ata a data de apertura do período de elaboración das guías docentes.
- Tómase conta dun problema xurdido na materia Deseño de Plans de Igualdade pola ausencia periódica do profesor.

6.2.- Tamén analízanse os resultados das asignaturas do primeiro cuatrimestre. Se sinala a baixa ratio de Dereito Penal I, tanto no plan vello como no plan novo.

Acórdase analizar os resultados do segundo cuatrimestre en canto estén disponibles.

Compromiso: Analizar os resultados do segundo cuatrimestre.

Prazo: xuño/xullo 2015.

7.- Rolda de intervencións.

Non hai intervencións

Levántase a sesión as 18.00 horas de día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez
Coordinador de Calidade

Ana María Pita Grandal
Decana